



**Excmo. Concello do**  
**CARBALLIÑO**  
SECRETARIA

Praza Maior, 1  
32500 - O CARBALLIÑO (Ourense)  
TLF.: 988.53.00.07 - F AX: 988 53.00.08  
[departamentosecretaria@carballino.gal](mailto:departamentosecretaria@carballino.gal)



Xunto con este escrito remito certificación de acordo do Pleno ordinario celebrado o día 11 de maio do 2017, relativo a MOCION DO PSOE SOBRE A SITUACION DOS/AS AUXILIARES DE POLICIA LOCAL NO CONCELLO DO CARBALLIÑO

O Carballiño, 24 de maio do 2017

O ALCALDE



**FEGAMAP**

Rúa de Varsovia, 4C,  
15707 Santiago de Compostela



D<sup>a</sup> MARIA EUGENIA PEREZ ANTON, SECRETARIA XERAL DO EXCMO CONCELLO DO CARBALLIÑO.-----

**CERTIFICO:**

*Que no libro de actas do **Pleno** en sesión **ordinario** celebrada no salón de sesións ó día **11 de MAIO do 2017** consta acordo que se transcribe en extracto dí:*

**20.-MOCIÓN DO PSOE SOBRE A SITUACIÓN DOS/AS AUXILIARES DE POLICIA LOCAL NO CONCELLO DO CARBALLIÑO.**

A secretaria pasa a dar lectura do ditame da Comisión informativa de persoal, seguridade, protección civil, mobilidades, promoción económica, réxime interior e comunicación de data 09.05.2017.

Neste momento, ás 21:32 h entra no salón de plenos a Sra. González.

O alcalde dálle a palabra ao Sr. Nogueira, quen pasa a explicar a moción presentada polo seu grupo e sinala as dúas modificacións que se realizaron, a primeira delas é no punto 2 "*que non veña derivado dunha mala praxis municipal*" e á segunda ao punto 3 "*co fin de que cada administración asuma o persoal dos servizos que por lei ten que prestar*".

O Sr. Garcia, sinala que é un tema que non é fácil de resolver, e non poden ser os xulgados o sistema habitual para entrar no concello e está de acordo coa moción.

O Sr. Ferreiro, manifesta que o seu grupo está de acordo coa moción.

O Sr. Marnotes, manifesta que comparte a problemática, e o máis prudente sería informar á FEGAM para que buscara a solución ao problema e non como se fixo primeiro o concello dá a solución ao problema e despois informa á FEGAM. O seu grupo vaise abster.

O Sr. Nogueira, agradece o apoio á moción, cre que vai ser positiva para todos os municipios de Galicia.

Remata o alcalde, sinalando que o problema real é que os concellos están asumindo servizos que lle corresponden á Xunta, o que piden é que cumpran a lei.

Sen máis, o asunto sométese a votación e a corporación por 11 votos a favor do PSOE, BNG e AV-SON e 6 abstención do PP ACORDA:

1. *Declarar a exclusiva responsabilidade da Xunta de Galicia respecto daqueles pronunciamentos xudiciais nos que foi cualificada de fraudulenta a contratación do persoal por parte do concello, por observar este as normas e instrucións ditadas pola administración autonómica.*

2. *Esixir da Xunta de Galicia a dotación dunha partida orzamentaria coa que se indemnice, aos concellos que, como consencuencia dun pronunciamento xudicial ,que non veña derivado dunha mala praxis municipal, se vexan abocados a asumir personal para o que carecen de recursos propios.*

3. *Esixir da Xunta de Galicia a transferencia de partidas incondicionadas para a prestación dos servizos básicos municipais, abandonando definitivamente a política de subvencións condicionadas co fin de que cada administración asuma o persoal dos servizos que por lei ten que prestar.*

4. Trasladar esta moción aos correspondentes órganos de goberno das asociacións de municipios (FEGAMP e FEMP)

5. Trasladar esta moción á Deputación Provincial de Ourense e á Presidencia da Xunta de Galicia.-----

*E para que conste, expido o presente certificado, tengo en conta o previsto no art. 206 do Regulamento de organización e funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde Francisco José Fumega Piñeiro firmoa na Casa do Excmo. Concello do Carballiño a vinte e tres de maio de dous mil dazasete.*

Vº e PRACE,  
O ALCALDE,

